



BANDO

MEDIDAS COVID-19

DAVID BARBEIRA GARCÍA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SANTA COMBA, FAI SABER:

A toda a veciñanza do Concello de Santa Comba que segundo datos facilitados polas autoridades sanitarias, neste momento, son 34 os casos positivos por Coronavirus COVID-19.

Recórdanse as medidas adoptadas nos bandos do 24 e 25 de agosto de 2020, facendo fincapé na medida do punto 3.

1. Están pechados ao público os parques infantís, circuítos de calistenia, pista multideporte, pista de pádel, pavillóns, piscina descuberta, áreas recreativas e desinfección de rúas por mor da situación dos gromos de COVID-19 xurdidos nos últimos días ata que a situación se normalice.

2. Pídese á cidadanía unha maior responsabilidade no peche dos locais de hostalería (hora límite de apertura de locais de hostalería e restauración ata a 1 da madrugada. A partir das 24, non se admitirán novos clientes) e no cumprimento da normativa relacionadas coas terrazas.

3.- As forzas e corpos de seguridade reforzarán o control esta fin de semana nos actos sociais que se leven a cabo. É moi importante evitar aglomeracións en sitios concorridos, así como evitar reunións e actos sociais con máis de 10 persoas tanto en lugares públicos como privados e evitar os contactos sociais fóra do grupo de convivencia estable. En caso de incumprimento impoñeranse as sancións pertinentes.

O concello de Santa Comba tamén quere recordar a todos os seus veciños e veciñas que é imprescindible seguir as recomendacións das autoridades sanitarias para prever a transmisión do Coronavirus:

1. Usar máscara seguindo as recomendacións sanitarias é obrigatorio en todas as circunstancias.
2. Lavar as mans frecuentemente con auga e xabón ou solución hidroalcohólica.
3. Manter unha distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.
4. Evitar aglomeracións en sitios concorridos, así como evitar reunións e actos sociais con máis de 10 persoas tanto en lugares públicos (terrazas..) como privados (domicilios...). Recoméndase evitar os contactos sociais fóra do grupo de convivencia estable.
5. Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca, ao tusir ou esberrar, cubrir a boca co cóbado flexionado ou cun pano desbotable, tirándoo despois a unha papeleira.
6. Con síntomas (febre, tose, dor de cabeza, perda de olfacto e gusto, diarrea, etc.) quedar na casa e contactar telefonicamente co seu/súa médico de Atención Primaria.
7. Prohibición de fumar e vapear na vía pública ou en espazo ao aire libre cando non se poida respectar unha distancia mínima interpersoal de 1,5 metros.

Quero agradecer a actitude e o saber estar da maioría da veciñanza, destacando o comportamento exemplar no cumprimento das recomendacións das autoridades sanitarias **e que esta mensaxe sirva de ánimo e de tranquilidade para todos e todas.**

Non nos podemos relaxar; estamos obrigados a seguir cumprindo as normas e actuar con moita responsabilidade no día a día.

Para máis información: www.coronavirus.sergas.gal.

Santa Comba, 28 de agosto de 2020

O Alcalde,

Asdo.: David Barbeira García